



ACTO DE ENTREGA DA PLACA COA MENCIÓN DE HONRA DO IESCHA A D. DARÍO RIVAS CANDO

O LOITADOR DA MEMORIA
SÁBADO 11 DE NOVEMBRO DE 2023 – 19:00 horas
NA CASA DA CULTURA DE VILALBA

O Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA), organiza o ACTO DE ENTREGA DA PLACA COA MENCIÓN DE HONRA DO IESCHA A TÍTULO POSTUMO A **DARIO RIVAS CANDO**, acordada por unanimidade na Asamblea Xeral Ordinaria do presente ano, entre outras razóns, **“por activar as xestións en memoria democrática con relación a seu pai Severino Rivas, fusilado no 36, resultando ser o primeiro querellante do Estado na causa contra os crimes franquistas na Arxentina”**

O acto, presentado por **Sabela Figueira**, vice-presidenta do Iescha, terá lugar na **Casa da Cultura de Vilalba** o **SÁBADO 11 DE NOVEMBRO DE 2023**, ás **19:00** e contará coa presenza de:

-**M^a Jesús Rivas**, sobriña de Darío Rivas

-**Carmen García Rodeja**, voceira da Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica (ARMH)

-**Baldomero Iglesias Dobarrio “MERO”**, amigo da familia

DARÍO RIVAS CANDO nado en Loentia (Castro de Rei) en 1920 e finado en Buenos Aires o 15 de abril de 2019, foi o primeiro querelante español da causa que investiga na Arxentina os crimes de lesa humanidade, xenocidio e desaparición forzada cometidos durante a guerra civil e a ditadura de Francisco Franco. Rivas conseguiu que o seu pai, Severino Rivas Barja, fose o primeiro fusilado exhumado en Galicia.

Fillo de Severino Rivas Barja, logo da morte da súa nai, o pai enviouno a estudar a Arxentina en 1929, con oito anos, onde xa estaban outras das súas irmás. Con dezaseis anos, recibiu a noticia de que o seu pai, alcalde republicano de Castro de Rei, fora fusilado "por traición a la patria" o 29 de outubro de 1936. Severino tiña 58 anos e nove fillos cando foi asasinado por un grupo de falanxistas, tres meses despois de asumir o seu cargo.

Ao coñecer a noticia, Rivas quixo conseguir xustiza para o seu pai e iniciou o proceso para encontrar onde estaba soterrado. Pasados setenta anos logrou recuperar o seu corpo e, en 2005, converteuse no primeiro fusilado exhumado en Galicia. Despois de recuperar os seus restos, colocou unha placa coa inscrición: "Papá, descansa en paz. Te lo pide tu niño mimado". Logo da exhumación, volveu a Arxentina pero decidiu axudar a outras persoas para que se exhumaran os restos dos seus familiares das fosas comúns e as cunetas.

O 14 de abril de 2010, Rivas, que tiña noventa anos, presentou no Juzgado Nacional en lo Criminal y Correccional Federal nº 1 de Buenos Aires unha denuncia particular para que comenzase unha investigación sobre os crimes do franquismo con base no principio de xustiza universal recoñecida pola Constitución da Nación Arxentina. A decisión de levalo ante unha institución arxentina foi motivada pola Lei de Amnistía de 1977, pola que a xustiza española impide vulgar os crimes de lesa humanidade, xenocidio e desaparición forzada cometidos durante a guerra civil e a ditadura de Francisco Franco. Rivas converteuse así na primeira persoa en formar parte da querrela arxentina contra os crimes do franquismo, que denuncia o Estado español como responsable dos delitos cometidos entre o día 17 de xullo de 1936 e o 15 de xuño de 1977, data das primeiras eleccións despois da morte do ditador Francisco Franco.

Estando de visita en Santiago de Compostela, Rivas entregoulle á chanceler Angela Merkel unha carta na que lle pedía "reparación polos crimes do exército alemán que axudou a Franco a instaurar a súa ditadura". En 2014, a proposta da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH), a Deputación de Lugo entregou a Rivas unha placa de honra en agradecemento "pola súa defensa dos dereitos humanos e a súa loita en defensa dos represaliados e familiares das vítimas da represión franquista".

